

PREGUNTA DE AER SOBRE A SALA INFANTIL DA BIBLIOTECA

PLENO 4 XULLO 2013. ACTA 13/2013

Sobre a sala infantil da Biblioteca. Nos últimos meses, os usuarios da sala infantil da Biblioteca Pública de Redondela veñen padecendo un empeoramento deste servizo, fundamental para o achegamento á lectura e a cultura en xeral dos redondeláns e redondelás máis cativos e cativas. Estanse producindo peches puntuais desta sala, que se están convertendo en habituais, e con preavisos de escasa marxe de tempo. Por este motivo preguntamos:

A que se debe estes peches repetitivos na sala infantil da Biblioteca Pública de Redondela e que medidas se están adoptando ou se van adoptar para ofrecer un servizo de sala infantil con calidade e continuidade temporal?

O concelleiro Alonso Monteagudo di que se enviou a petición á Dirección Xeral e dixeron que teñen moitísimas solicitudes e a ésta aínda non se chegou por orde de entrada. Está pendente.

O concelleiro Alonso Monteagudo di que efectivamente producíronse algúns peches que se deben a cuestións puntuais como unha baixa inesperada ou unha biblitecaria de vacacións e dous ordenanzas de baixa. Foi imposible. Prefieren non pechar a sala grande. As veces non se poden prever as baixas e non se pode contratar.